

# Reconstruír a pedagogía da mirada a través do cinema

A pedagogía da mirada debe atopar nas tecnoloxías o instrumento que permita plasmar as mensaxes que se desexan transmitir. Por outra banda, debe formar os alumnos e alumnas como espectadores, mediante unha observación atenta que os leve a valorar a película no seu conxunto para analizar e interpretar logo os mundos representados e, incluso, imaxinar o que habería máis alá da pantalla.

**Angel San Martín Alonso**  
Universitat de València

## Palabras clave:

Cinema, tecnoloxía, mirada, imaxe, formato, emisor, guión, encadramento.

que diversifican o acceso, tamén transforman substantivamente as miradas cara a esta expresión artística. Ata o punto de que a mirada tradicional (en sala de pantalla grande), segundo diferentes parámetros, está en franco retroceso. Non tomaremos parte na discusión sobre cal é mellor ou peor, sinxelamente son diferentes. Si nos interesan, en cambio, as implicacións pedagóxicas das novas formas de facer e de ver o cinema.

### O cinema en díxitos

A aplicación das tecnoloxías máis avanzadas fragmentou en diferentes áreas de negocio, de expresión e de recepción, sen saber moi ben agora onde está iso que se denomina cinema. Dende esta perspectiva, Álvarez Monzonillo (2003, 90) afirma que a dixitalización da imaxe cinematográfica introduce cambios radicais nos seguintes niveis: a produción, os sistemas de transporte e de proxección, a descarga de películas a través de Internet e a integración de Internet na optimización da *mercadotecnia* do cinema. Pero se muda a produción e a distribución, tamén o fan as formas de consumo, ata o punto de poñer en grave risco o sistema tradicional, aínda que as “novas ventás” abertas pola tecnoloxía actual representan novas oportunidades de negocio. Fálase moito arestora das perdas millonarias da industria do cinema dende que as películas “se baixan” de Internet. Segundo un recente estudo de AIMC (Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación), máis da metade dos usuarios españois de Internet descarga películas, e destes, o 94,7% recoñece que o fai de forma gratuíta (*Navegantes en la Red*, febreiro 2007. En [www.aimc.es](http://www.aimc.es)). Segundo os datos da Federación para a Protección da Propiedade Intelectual (FPA), en 2006 os internautas españois descargaron de balde 135 millóns de películas (nota de prensa recollida en [www.consumer.es](http://www.consumer.es)). Pero non se di canto se ingresa polas descargas, a

## Mirar e interpretar os mundos representados entre luces e sombras, tratando de idear o que habería máis alá da pantalla, iso é educar

venda de dereitos ás novas pantallas, ou cal é a facturación dos anticopia ou a do *software* para desactivar os anticopias (imaxinen quen patrocina uns e outros, se as *majors* están en todo).

Outra das consecuencias da *dixitalización* e da *converxencia* tecnolóxica é a personalización do consumo audiovisual, mudanza que afecta tanto á organización da industria do cinema coma aos hábitos de consumo.

Segundo afirma Álvarez Monzonillo (2002, 135), “la individualización, sumada a la internacionalización de los mercados y las economías de escala en los diferentes mercados de consumo, está acortando el ciclo de la vida de las películas”, e ao reducirse a atención incrementase a súa produción, aínda que sexa minguando a calidade. Asociados a este proceso e moi relacionados coa educación da mirada, sinalamos dous fenómenos intimamente relacionados. En primeiro lugar, as producións cinematográficas de “éxito comercial” arrópanse cun vasto *merchandising* que afecta a distintos segmentos do consumo cultural: música, literatura, videoxogos, roupa, cómic, etc. Por outro lado, e visto o prezo das entradas de cinema, os mozos e os adultos descargan da rede películas, mesmo antes de se estremen nas salas. Agora ben, estas películas vense despois? En calquera caso, a visualización dos arquivos descargados ten algunha similitude coa obra orixinal? Para un estudante universitario o problema é

outro: “Que máis ten o do formato! Por 50 céntimos podo ver *Una verdad incómoda* y *300* cando queira. Non importa que as imaxes ou o son non sexan tan bos como no cinema...”.

### A educación da mirada a través do cinema

Partimos da idea de García Calvo (2002, 21), para o que, “*mirar es dirigir la mirada, dirigir los ojos, y eso sí que es algo que claramente yo hago, que uno hace. Dirigir la mirada es la facultad que los psicólogos suelen distinguir con atención*”. Fronte ao *ver*, dominado pola pasividade, na mirada hai intención, vontade, hai acción por parte do suxeito. A mirada moldéana as distintas pedagogías que acompañan o suxeito ao longo da súa vida, aínda que a maior incidencia, como é lóxico, se localiza nos primeiros anos de vida. Moitas xeracións de mediados do século XX miraron o mundo a través do que se representaba na pantalla grande das salas de cinema espalladas polos núcleos urbanos.

Os espectadores miraban e interpretaban os mundos representados entre luces e sombras, tratando de idear o que habería máis alá da pantalla, e iso é educar. Pereira Domínguez fala da relevancia do cinema na educación social da cidadanía, pero tamén podemos interesarnos pola relación, non menos sorprendente, entre o cinema e a ciencia (véxase o monográfico de *Métode*, n.º 48 (Hivern 2005/2006) sobre “Fotogramas de ciencia”). De feito, dende o comezo deste medio de comunicación, emprendéronse experiencias significativas de uso educativo do cinema, tan pioneiras como as que se levaron a cabo nas colonias de vacacións deseñadas dende a altura intelectual da Institución Libre de Enseñanza. Na actualidade, imbuídas de máis voluntarismo que de apoio institucional, desenvólvense experiencias nas aulas utilizando o cinema como ferramenta de traballo. Resulta inaudito que ante a “crise”

do cinema, e aínda que sexa por mimetismo con outras organizacións e institucións públicas e privadas, o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, non teña entre as súas "liñas de actuación" ningunha sobre cinema e educación ([www.mcu.es/cine/](http://www.mcu.es/cine/)). Esta lagoa súplena as filmotecas autonómicas, moitas recollen algunha iniciativa nesta dirección. A miúdo, de xeito improvisado, ou mesmo para encher o espazo da *transversalidade* curricular ou atender calquera eventualidade.

Pero nas nosas aulas tamén se realizan experiencias moi interesantes de traballo co cinema, e tantas, que non podemos mencionalas todas. Faise así patente a verdade e o dezo de De Pablos (2006, 4): "La saturación audiovisual ha llegado a embotar la capacidad de los espectadores para captar la representación audiovisual. Una posible vía que permita encontrar nuevos caminos puede ser una aproximación pedagógica que permita acudir a la historia vivida por este medio audiovisual". E para axudar o profesorado neste importante labor, tanto Internet como as publicacións dos escasos grupos de renovación que aínda sobreviven e mesmo algunha editorial, ofrecen materiais de apoio relevantes para traballar co cinema. Só, a modo de exemplo, citarei a xa extensa colección *Guía para ver y analizar...*, da editorial Nau-Llibes. Na rede podemos atopar materiais moi interesantes en portais como: [www.cinescola.info](http://www.cinescola.info) ou o proxecto *Cine con Ciencia* en: [www.ateiamerica.com](http://www.ateiamerica.com). Portais nos que, ademais de poder acceder á película, se ofrecen foros e críticas: [www.encadenados.org](http://www.encadenados.org); [www.porlared.com/cinered.index.html](http://www.porlared.com/cinered.index.html); con parecido enfoque, aínda que centrado

## É moi pouco apropiado que unha película se presente aos estudantes como material didáctico ou como referente para a educación en valores

no cinema social e político: //p2p.kinoki.org.

### A impostura do cinema como material curricular ou didáctico

Unha película, antes de nada, é unha obra de creación artística e, como tal, moi boa ou, sinxelamente, un acto frustrado. En calquera caso, unha obra que propón certa mirada en relación cun tema para un sector do público potencial que a visualiza nunhas determinadas condicións obxectivas. A obra está pensada e deseñada para circular nesas circunstancias concretas. Por esta razón, consideramos moi pouco apropiado que unha película, sexa cal sexa, se presente aos estudantes como "material didáctico" ou como referente para a "educación en valores". O primeiro é que a obra que se cataloga así, arráncase do seu ámbito para proxectala noutro de condicións radicalmente diferentes. Pode suceder que o extra e paratextual (o pedagóxico/didáctico) se converta no texto propiamente. Un exemplo, entre moitos posibles, é o que nos ofrece o suplemento "El cine y la literatura en el aula", da revista *Aula de Innovación Educativa*, n.º 156, novembro, 2006. A "lectura escolar" suporía un afastamento da proposta feita polos produtores do filme. O "currículo

oculto" destas actuacións é evidente, e non hai máis que se remitir aos índices de lectura, no caso da literatura. A obra, antes de nada, hase gozar como obra que é, logo poderán suscitarse todas as lecturas e interpretacións que se crean convenientes, pero sempre partindo da recepción plena da obra. E para que isto suceda, os centros escolares e os seus axentes deben trocar, de certo, moitas rutinas de réxime interior e actitudes cara ao coñecemento e á cultura.

### Vicios na reconstrución da mirada

Lembro con nitidez a imaxe daquel barbudo que nos setenta nos daba prácticas de montaxe, primeiro coa moviola de 8 mm e logo coa de 16. Non dedicaba máis de cinco minutos a explicarnos as características técnicas e o funcionamento dos aparatos. Poñía todo o seu empeño en facernos comprender que a luz, a composición e tamaño do encadramento, a profundidade de campo, o *raccord* ou a lonxitude da secuencia eran fundamentais para o ritmo e o significado que se quería transmitir. Decisións que demandaban inevitablemente un meticuloso estudo do guión antes de poñerse a rodar, cortar e pegar a película. Hai uns anos, nun curso de edición dixital co *Pinnacle*, que impartía un profesor moi experimentado no uso dos medios tecnolóxicos, facíase xusto o contrario. A súa primeira mensaxe foi que a el ninguén lle ensinara a editar co ordenador, estabamos logo ante un tecnólogo feito a si mesmo a través da "autoaprendizaxe". Polas noites, con paciencia digna de encomio, editaba o que polo día gravaban os seus alumnos no colexio. Explicounos con detalle os pasos que se deben seguir de acordo

coa secuencia de tarefas indicadas nos despregables do citado programa. Falaba con deleite de formatos, píxeles, capturas e menús, pero case nada de guiión, encadramentos, movementos de cámara, ritmo, etc.

A dixitalización non só disemina o acceso aos produtos profesionais, senón que tamén lles permite aos espectadores arremedar os seus ídolos da pantalla grande. Permite, como se afirma con frecuencia, converterse en emisor das producións audiovisuais propias. A concorrència á convocatoria anual do *Encuentro Audiovisual de Jóvenes* de Cinema Jove constata o afán creador dos e das escolares. Agora ben, este feito, satisfactorio de seu, non debe ocultar outra cuestión. A xeito de síntese, afirmamos: a tecnoloxía que incorporan as máquinas dixitais (cámaras e ordenadores) dificulta enormemente o acceso ao coñecemento técnico e expresivo do audiovisual. Dito en negativo: o feito de que un grupo de alumnos realice unha curta non significa que transcendan os automatismos das máquinas. Quizá por iso imitan os formatos que exhiben

a televisión ou o videoclip. Para se decatar, hai que fixarse no manexo dos diálogos, nos movementos de cámara, ángulos de toma, encadramentos, no son, etc. De aí que o “efecto de sentido” provocado a maior parte das veces, sexa xustamente o contrario ao que se pretende. O que maior satisfacción lles adoita producir non é tanto “comunicar” unha idea ou un punto de vista, senón experimentar, facer algo divertido cunhas máquinas, diminutas, pero moi poderosas.

Imponse así unha pedagogía da mirada supeditada ao poder expresivo das tecnoloxías que manexan, e non á inversa, que é como entendemos que debería ser. É suficiente, dende o punto de vista pedagóxico, que o pasen ben facendo unha curta? A miña resposta é que non, e baséome en dous argumentos: a dimensión lúdica das tecnoloxías opera como reforzo positivo dun instrumentalismo cada vez máis afastado da cultura e, en segundo lugar, descubrir a potencialidade expresiva das imaxes en movemento non é un acto espontáneo, senón que require análise, planificación e

intencionalidade, características, non sempre dentro das posibilidades do unicamente lúdico.

#### Bibliografía

- ÁLVAREZ MONZONILLO, J. M. (2002) La industria cinematográfica: enfermedades crónicas e incertidumbres ante el mercado digital (107-140). En BUSTAMANTE, E. (Coord.) *Comunicación y cultura en la era digital*. Barcelona, Gedisa.
- ÁLVAREZ MONZONILLO, J. M. (2003) Cine: riesgos y oportunidades se equilibran ante el cambio digital (85-110). En BUSTAMANTE, E. (Coord.) *Hacia un nuevo sistema mundial de comunicación*. Barcelona, Gedisa.
- DE PABLOS PONS, J. (2006) El cine y la pintura: una relación pedagógica. *Icono 14* (7) 1-15.
- GARCÍA CALVO, A. (2002) Visión y fe (19-35). En BAUTISTA GARCÍA-VERA, A. (Coord.) *La mirada encerrada*. Madrid, Akal.
- GIL-ALBERT, J. (1974) *Contra el cine*. Valencia, Prometeo.
- PEREIRA DOMÍNGUEZ, M<sup>a</sup>. C. (2005) Cine y Educación Social. *Revista de Educación* (338) 205-228.

